


MAUTHAUSEN EN CIFRAS



Índice

| | |
|--|---|
| MAUTHAUSEN EN CIFRAS..... | 1 |
| 1. Localización e descripción..... | 2 |
| 2. Data de fundación do campo..... | 2 |
| 3. Presos totais..... | 3 |
| 3.1. Presos españoles en Mauthausen..... | 3 |
| 5. Distancia desde o campo ata as cidades principais europeas..... | 4 |
| 6. Número de campos anexos..... | 4 |
| 7. Webgrafía..... | 4 |

1. Localización e descripción

O complexo de Mauthausen-Gusen foi un conxunto de campos de concentración nazis situados en torno a unha pequena empresa e canteira da poboación de Mauthausen en Austria, aproximadamente a 20 km da cidade de Linz. O lugar foi escollido pola súa proximidade á rede de transportes de Linz, pero tamén porque era un área escasamente poboada.

Inicialmente había un só campo en Mauthausen, pero foise expandindo ata converterse nun dos complexos de campos de concentración más grandes da zona ocupada polos nazis en Europa. Aparte dos catro sub-campos principais en Mauthausen e Gusen, o cal estaba preto de Mauthausen, máis de 50 sub-campos, localizados por toda Austria e o sur de Alemaña, utilizaron ós ocupantes como escravos. Nalgúns sub-campos situábanse fábricas de munición, minas, fábricas de armamento, ou plantas de ensamblaxe do avión Me 262.

2. Data de fundación do campo

O 7 de agosto de 1939 , prisioneiros do campo de concentración de Dachau foron enviados ao pobo de Mauthausen, para comezar a construción dun novo campo. Aínda que o campo estaba controlado polo Estado alemán desde o principio, foi fundado por unha compañía privada.

Mauthausen serve nun principio como un campo de prisioneiros para criminais comúns, prostitutas e outros "Criminais Incorrigibles". O 8 de maio de 1939 converteuse nun campo de traballo utilizado principalmente para o encarceramento de prisioneiros políticos. En marzo de 1944, o antigo depósito das SS foi convertido nun novo sub-

campo, chamado Gusen II. Ata o fin da guerra, o depósito foi un campo de concentración improvisado.

3. Presos totais

En xaneiro de 1945, os campos, dirixidos dende a oficina central en Mauthausen, contiñan uns 85.000 prisioneiros, pero entre 1938 e 1945 pasaron por alí cerca de 200.000 presos. Descoñécese o número de vítimas, aínda que a maioría das fontes cifranas entre 122.766 e 320.000 en todo o complexo de campos. Estes campos, que formaban a concentración, foron os últimos en ser liberados polos Aliados ou pola Unión Soviética. Os dous campos principais, Mauthausen e Gusen I, foron os dous únicos de toda Europa etiquetados como establecementos de "Grado III", o que significaba que eran os más duros para os "Inimigos Políticos Incorrixisbles do Reich". A diferencia de moitos outros campos de concentración, que eran para todo tipo de prisioneiros, Mauthausen foi utilizado principalmente para tarefas de exterminio de xente ilustrada e membros das clases sociais altas de países dominados por Alemaña durante a Segunda Guerra Mundial.

O campo de Gusen tiña de 12.000 a 17.000 presos, privados das necesidades máis básicas.

3.1. Presos españois en Mauthausen

En agosto de 1940 chegaron ao campo de concentración, en vagóns de carga, a primeira tanda dos 7.300 españois inscritos ata 1945. Estes españois procedían da Francia ocupada: O primeiro convói que chegou ese mes, procedía do Stalag VII A (Moosburg) e chegou o 6 de agosto con 392 prisioneiros españois. O segundo convói en chegar, fixoo o 9 de agosto procedente do Stalag I B (Hohenstein) con 168 prisioneiros españois. O terceiro convói chegou o 13 de agosto procedente do Stalag IX A (Ziegenhain) con 91 presos españois. O cuarto convói en chegar este mes, chegou con 430 prisioneiros o 24 de agosto procedente do Frontstalag 184, concretamente, do campo de *Les Alliers* (Angulema) e pertencían á expedición coñecida como *Convoi dos 927*, do que falarei despois. O quinto e último convói do mes de agosto foi o que chegou o día 30 procedente do Stalag II B (Hammerstein) con 22 prisioneiros.

4. O convói dos 927

Despois de rematar a guerra civil española, os refuxiados republicanos fuxiron para Francia, á rexión de Angulema, onde se atopaban unha grande cantidade deles, sobre


todo cataláns. Decidiran ir a Francia porque neses momentos era un país libre, ata que foi ocupado polos nazis no 42. Foi entón cando a zona ocupada abarcaba a zona do oeste de Francia, ocupando tamén a zona da Angulema. Estes refuxiados e refuxiadas, tanto adultos coma nenos, nun total de 927 persoas, foron metidos nun convói, en vagóns de gando, sen comida nin auga, durante 18 días ata o campo de concentración de Mauthausen. Cando chegan alí, son separados por sexo e idade. Os homes e nenos maiores de 10 anos, un total de 470 dos 927, foron obrigados a baixar do tren e ingresar no campo, onde 409 deles morrerían máis tarde. As mulleres, nenas e nenos, foron de volta a España.

5. Distancia desde o campo ata as cidades principais europeas

A distancia entre o campo de Mauthausen e as cidades más importantes en Europa era importante, xa que este estaba situado na zona de Austria, ocupada por Alemaña, e ademais a zona na que se atopaba está preto de Alemaña, a 592 km da capital, Berlín. Atópase así mesmo a 164 km de Viena, a 1085 km de París, a 1547 km de Angulema, e a 2226 km de Madrid.

6. Número de campos anexos

No complexo de campos de concentración Mauthausen-Gusen, cada respectivo complexo foise creando e disolvendo en distintos momentos dende as súas fundacións. Esta concentración eran un total de 58 campos, coas posibles unidades dentro de cada un (se eran de homes ou mulleres, tamén había unidades de presos soviéticos, xudeus...) Os principais campos eran Mauthausen, Gusen, Linz, Passau, Wels e Wien, entre outros.



7. Webgrafía

https://es.wikipedia.org/wiki/Campo_de_concentraci%C3%B3n_de_Mauthausen-Gusen

<https://www.lasegundaguerra.com/viewtopic.php?t=12292>

[https://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:Mauthausen-Gusen_\(campos_anejos\)](https://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:Mauthausen-Gusen_(campos_anejos))

[https://www.google.com/search?
q=distancia+mauthausen+viena&oq=distancia+mauthausen+viena&aqs=chrome..69i57j0l2.7284j0j7&sourceid=chrome&ie=UTF-8](https://www.google.com/search?q=distancia+mauthausen+viena&oq=distancia+mauthausen+viena&aqs=chrome..69i57j0l2.7284j0j7&sourceid=chrome&ie=UTF-8)

[https://www.google.com/search?
q=distancia+mautahusen+paris&oq=distancia+mautahusen+paris&aqs=chrome..69i57.7448j0j7&sourceid=chrome&ie=UTF-8](https://www.google.com/search?q=distancia+mautahusen+paris&oq=distancia+mautahusen+paris&aqs=chrome..69i57.7448j0j7&sourceid=chrome&ie=UTF-8)

[https://www.google.com/search?
q=distancia+mauthausen+angulema&oq=distancia+mauthausen+angulema&aqs=chrome..69i57j33.6101j0j7&sourceid=chrome&ie=UTF-8](https://www.google.com/search?q=distancia+mauthausen+angulema&oq=distancia+mauthausen+angulema&aqs=chrome..69i57j33.6101j0j7&sourceid=chrome&ie=UTF-8)

[https://www.google.com/search?
q=distancia+mauthausen+madrid&oq=distancia+mauthausen+madrid&aqs=chrome..69i57.6373j0j7&sourceid=chrome&ie=UTF-8](https://www.google.com/search?q=distancia+mauthausen+madrid&oq=distancia+mauthausen+madrid&aqs=chrome..69i57.6373j0j7&sourceid=chrome&ie=UTF-8)